

Informe de tuberculose en Galicia:

Características dos casos de tuberculose de Galicia dos anos 2007 e 2008
Evolución no período 1996-2008



Pode atopar o PDF deste documento en castelán,
na epígrafe Saúde Pública da páxina da internet:
www.sergas.es

Edita:

Xunta de Galicia

Consellería de Sanidade

Dirección Xeral de Saúde Pública e Planificación

Imprime:

Tórculo Artes Gráficas, S.A.

Depósito legal:

C 8-2010

Índice

INTRODUCCIÓN	5
Datos globais presentados pola OMS para o ano 2007.	5
A TUBERCULOSE EN GALICIA	11
Fontes de detección de casos	11
Evolución do número de casos (1996-2008)	14
Evolución por UTB	14
Incidencia da tuberculose.	16
Tipo de tuberculose: casos segundo os antecedentes de tratamento previo	18
Idade e sexo	20
Evolución da incidencia por idade e sexo.	21
Factores de risco	23
Tuberculose en colectivos de especial vulnerabilidade	24
Tuberculose e infección VIH	24
Tuberculose e inmigración	28
Características dos casos de tuberculose	31
Localización anatómica.	31
Tipo de localización: clasificación.	32
Diagnóstico bacteriolóxico nas tuberculosas pulmonares.	34
Diagnóstico radiolóxico nas tuberculosas pulmonares	36
Antibiogramas	36
Casos de tuberculose multirresistente: transmisión. Galicia 1996-2008.. . . .	39
Tratamento da tuberculose	40
Tratamentos supervisados	40
Cumprimento dos tratamentos instaurados nos anos 2000-2007	41
Atraso diagnóstico	43
Estudo de contactos	45
Abrochos de tuberculose.	47
Cumprimento dos tratamentos da infección tuberculosa instaurados nos anos 2000-2007	48
ANEXOS	49
Resumo das principais características dos casos de tuberculose informados á Dirección Xeral de Saúde Pública e Planificación de Galicia. Anos 2007 e 2008.	49
CENTROS PARA CONTROL DA TUBERCULOSE EN GALICIA	51

INTRODUCCIÓN

O último informe da Organización Mundial da Saúde (OMS)¹ sinala que aínda que a tuberculose (TB) segue sendo unha importante causa de enfermidade e morte en todo o mundo, a taxa de incidencia mundial comezou a diminuír lentamente nos últimos anos. Nestes progresos influíron decisivamente a creación de alianzas e consensos nas políticas e estratexias para loitar contra a TB e mellorar a planificación a nivel mundial, nacional e rexional.

No ano 2006 a OMS puxo en marcha a nova estratexia *Alto á tuberculose 2006-2015*, cuxo núcleo segue a ser a estratexia DOTS (tratamento directamente supervisado) e consta de seis compoñentes principais: i) expandir e mellorar a DOTS; ii) facer fronte á tuberculose asociada ao VIH, á tuberculose multirresistente e a outros problemas; iii) contribuír ao fortalecemento dos sistemas de saúde; iv) involucrar a todo o persoal sanitario; v) dar maior capacidade de acción para os pacientes e as comunidades, e vi) incentivar e promover a investigación.

Esta estratexia aplicarase durante os próximos 10 anos e as metas que se pretenden alcanzar son as seguintes: 1/ ter parado e comezar a reducir a incidencia para o ano 2015 (no marco dos Obxectivos de desenvolvemento do milenio (ODM), meta 6C; 2/ conseguir reducir á metade as taxas de prevalencia e de mortalidade por TB, antes de 2015, en comparación aos niveis do 1990; 3/ que polo menos o 70% dos casos con TB pulmonar bacilífera sexan detectados e tratados segundo o programa DOTS; 4/ que o 85% dos casos bacilíferos sexan curados. Os obxectivos 3 e 4 xa foron planificados para seren alcanzados en 2005, agora asúmese que poidan ser conseguidos en 2015.

DATOS GLOBAIS PRESENTADOS POLA OMS PARA O ANO 2007

En 2007 o número estimado de novos casos de TB foi de 9,27 millóns (139 por 100.000 habitantes), en comparación cos 9,24 millóns en 2006 (140 por 100.000 habitantes).

1 Global tuberculosis control: epidemiology, strategy, financing. WHO report 2009. Geneva, World Health Organization (WHO/HTM/TB/2009.411)

Deses 9,27 millóns de casos incidentes, 4,1 millóns (44%) son bacilíferos e 1,37 millóns (14,8%) son VIH-positivos (o 79% son da rexión de África e o 11% do sueste de Asia).

O declive é lento, estimando un 1% por ano. Este declive está sucedendo en 5 das 6 rexións da OMS coa excepción da Rexión europea, onde as taxas se manteñen estables.

O 86% dos casos corresponden a zonas de África, sueste de Asia e do Pacífico occidental. India (2 millóns), China (1,3 millóns), Indonesia (0,53 millóns), Nixeria (0,46) e Sudáfrica (0,46) ocupan, nesta orde, os cinco primeiros postos en números absolutos de casos. A rexión de África presenta a taxa máis elevada de incidencia (363 por 100.000 habitantes).

Os casos prevalentes de TB estímase en 13,7 millóns (206 casos por 100.000 habitantes), un descenso fronte aos 14,4 millóns de casos en 2006 (210 casos por 100.000 habitantes). Con respecto á mortalidade a TB causou a morte de 1,8 millóns de persoas (delas 0,5 millóns estaban infectadas polo VIH). As taxas de prevalencia e mortalidade están diminuindo globalmente máis rápido que a incidencia da TB.

A cifra estimada pola OMS de casos de TB multirresistente (TB resistente á isoniácida e á rifampicina) para o ano 2007 foi de 0,5 millóns de casos (4,9%) Hai 27 países, 15 na Rexión europea, que acumulan o 85% dos casos multirresistentes.

Os países con máis casos son: India (131.000), China (112.000), a Federación Rusa (43.000), Sudáfrica (16.000) e Bangladesh (15.000).

A finais do ano 2008, 55 países e territorios notificaron polo menos un caso de TB extremadamente resistente (TB resistente á isoniácida e á rifampicina, máis a todas as fluoroquinolonas, e polo menos a 1 dos 3 fármacos inxectables de 2ª liña).


En 2007 5,5 millóns de casos TB foron notificados por programa DOTS (99% do total de casos notificados), incluíndo 2,6 millóns de bacilíferos, isto supón un 63% (62% no 2006), cando debe alcanzar o obxectivo de polo menos o 70%. Este obxectivo alcánzase unicamente nas rexións das Américas e do Pacífico occidental, e moi próximo Asia sudoriental.

Globalmente as taxas de curación do 85% dos casos bacilíferos non se alcanzan nas rexións de África, América e Europa. Unicamente a rexión do Pacífico occidental e 36 países alcanzaron ambos os obxectivos entre 2006 e 2007.

Manténdose estas tendencias os obxectivos de cara a 2015 conseguíanse en todas as rexións da OMS salvo nas rexións de África e Europa.

No seguinte mapa e táboa pódese ver a incidencia de TB do ano 2007 a nivel mundial e segundo as rexións da OMS.

Incidencia estimada de TB no ano 2007



WHO REPORT 2009: Global tuberculosis control
Geneva, World Health Organization. (WHO/HTM/TB/2009.411)

Número total de casos e incidencia de TB (por 100.000 habitantes) segundo a rexión da OMS. Ano 2007

	Todas as formas		BAAR (+)		VIH(+)	TB-MDR
	Núm.x1000	Incidencia	Núm.x1000	Incidencia	Incidencia	Incidencia
AFR	2.879	363	1.188	150	38	2,4
AMR	295	32	157	17	11	3,2
EMR	583	105	259	47	3,3	3,8
EUR	432	49	190	21	9,8	17
SEAR	3.165	181	1.410	81	4,6	4,8
WPR	1.919	108	859	48	2,7	6,3
Global	9.273	139	4.062	61	15	4,9

AFR: Rexión de África; AMR: Rexión das Américas; EMR: Rexión do leste Mediterráneo;
EUR: Rexión Europea; SEAR: Rexión de Asia sudoriental; WPR: Rexión do Pacífico occidental

Rexión Europea da OMS²: no ano 2007 a declaración de casos de TB de 51 dos 53 países que a forman (non achegaron datos Mónaco e San Marino) representaron o 5% dos casos de todo o mundo. O 77% de todas as notificacións da Rexión foron do Leste, o 17% dos países da EU/EEA/EFTA e do Oeste (non UE) e o 6 % dos países restantes nos Balcáns.

2 European Center for Disease Prevention and Control (ECDC): Tuberculosis surveillance in Europe 2007. Stockholm, 2009

UE (Unión Europea: 27 países); EEA (Europea Economic Area)/EFTA (European Free Trade association): Islandia, Noruega e Liechtenstein, países do Oeste (non EU): Andorra, Mónaco, San Marino, Israel, Suíza

A taxa media de notificación foi de 54 casos por 100.000 habitantes (a taxa incrementou de 48 a 54 do 2006 ao 2007. Esta circunstancia é fundamentalmente atribuíble ao aumento de notificación de casos dende a Federación Rusa).


Dentro da rexión hai unha gran variabilidade entre países que se incrementa desde o oeste ao leste:

- Nos 27 países que forman parte da UE, 3 da EEA/ EFTA e os países do Oeste (non UE), a taxa media de notificación é de 17 casos por 100.000 habitantes (rango: 4-118).
- Nos 7 países dos Balcáns, a taxa media é de 28,7 casos por 100.000 habitantes (rango: 14-62).
- Nos 12 países do Leste europeo a taxa media é de 131,2 casos por 100.000 habitantes (rango: 60-258).

A situación é especialmente preocupante no Leste, debido ás altas taxas de TB resistente e multirresistente, o incremento na incidencia da infección por VIH, a deterioración socioeconómica e o deficiente desenvolvemento dos servizos de saúde. Outro problema moi importante son os movementos migratorios masivos de países con alta endemia de TB e as condicións de vida a que se ven sometidos estes inmigrantes que condicionaron un aumento da TB en moitos países da Unión Europea nos últimos anos.

No seguinte mapa pódese ver a incidencia de TB do ano 2007 na Rexión Europea da OMS, segundo os casos notificados.

Incidencia de casos notificados de TB, Europa 2007



European Center for Disease Prevention and Control (ECDC)
SURVEILLANCE REPORT 2009: Tuberculosis surveillance in Europe 2007.

En España, no ano 2007, segundo os datos achegados pola Rede Nacional de Vixilancia Epidemiolóxica³, a taxa global foi de 18,2 casos por 100.000 habitantes, notificándose un total de 8.056 casos. En Galicia foi de 31,4*, taxa superior á nacional, e superior a outras CCAA que teñen tamén programas de prevención e control da tuberculose propios como Cataluña (23,8), País Vasco (21,4), ou Madrid (16,9).

Na nosa Comunidade Autónoma, tras 13 anos de programa de tuberculose implantado xa estamos a cumprir as metas programadas pola OMS. Presentamos unha evolución decrecente en número casos de TB dun 55% entre os anos 1996-2008, cun cambio relativo anual do -6,5 %. É destacable a baixa porcentaxe de TB multirresistente (TB-MR). Con todo isto hai que perseverar nos obxectivos marcados alcanzando metas máis ambiciosas (por ex. en canto ao diagnóstico e tratamento da infección tuberculosa) e control máis estrito naqueles ámbitos mellorables, como pode ser o atraso diagnóstico acadado na Comunidade, e en particular o atribuíble ao sistema sanitario en xeral vinculado á baixa sospeita da enfermidade ao diminuír a súa incidencia nestes últimos anos.

A abordaxe de novos retos exige pola súa vez dispoñer de ferramentas axeitadas e ben deseñadas co fin de mellorar a calidade e rapidez no manexo da información, cunha información epidemiolóxica consensuada a nivel autonómico, estatal e resto dos países europeos. A maiores resulta tamén fundamental a implicación dos profesionais sanitarios, axentes sociais e administracións sanitarias nos progresos realizados no control da TB, persistir neles e melloralos no posible.

3 Ministerio de Sanidad y Consumo. Centro Nacional de Epidemiología Informe sobre la situación de la tuberculosis. Red Nacional de Vigilancia Epidemiológica. España 2007. Marzo, 2009.

* dato corrixido a 30 de Xuño de 2009 polo Programa galego de tuberculose.

A TUBERCULOSE EN GALICIA

Dende o ano 2007 o programa de tuberculose dispón dunha nova aplicación informática na que se actualizan e inclúen novas variables na recollida de datos.

A data utilizada como punto de corte para a obtención de datos foi o 30 de xuño do 2009.


FONTES DE DETECCIÓN DE CASOS

Os datos do *Rexistro Galego de Tuberculose* proceden da:

1. Declaración pasiva de casos: mediante as declaracións ampliadas (DA -sistema específico de vixilancia da TB en Galicia-)
2. Busca activa de posibles casos non declarados en:
 - Estudos de contactos.
 - Servizos de Microbioloxía.
 - Servizos de Anatomía Patolóxica.
 - Servizos de Farmacia.
 - Outros servizos.
 - Rexistro de altas hospitalarias.
 - Unidades de atención a drogodependentes.
 - Rexistros da sida.
 - Institucións penitenciarias.

A evolución do número de casos rexistrados nas unidades de tuberculose (UTB) (dos declarados máis dos recollidos por busca activa) nos últimos 13 anos preséntase na gráfica 1.

Gráfica 1: Núm. de casos de TB rexistrados por ano. Galicia 1996-2008



A fonte que facilita a maior proporción de casos é o laboratorio de microbioloxía. Neste servizo localizáronse 129 casos no ano 2007 e 164 en 2008, que supoñen o 53,5% e o 53,4% dos 241 e 307 casos non declarados ás UTB nos anos 2007 e 2008.

Constátase que nestes últimos dous anos diminuíu o número de casos declarados de TB, especialmente no referido ao ano 2008 (só un 66%) e nos casos detectados por busca activa hai un aumento da proporción deles onde non se constata a súa fonte de detección (1,3%). Esta información pódese consultar con máis detalle nas táboas 1 e 2.

Táboa 1: Número de casos de TB segundo a fonte de detección e ano. Galicia 1996-2008

Fonte de detección	1996	1997	1998	1999	2000	2001	2002	2003	2004	2005	2006	2007	2008
Subtotal de casos detectados por declaración ampliada (DA)	854	910	1.008	1.002	1.052	918	967	966	798	799	697	629	600
Servizo de Farmacia	57	30	25	21	16	19	25	11	6	4	4	4	5
Servizo de Anatomía Patolóxica	51	44	38	27	25	22	14	13	12	5	7	7	13
Servizo de Microbioloxía	335	281	230	241	215	195	149	131	112	93	110	129	164
Rexistro Galego da Sida	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	2	0
Rexistro de altas	195	151	129	104	70	46	42	17	23	35	23	14	10
Contactos con enfermo	134	106	107	98	74	93	74	66	55	56	44	28	43
Unidade Asistencial de Drogodependencias	0	0	0	4	3	0	0	1	1	3	1	0	0
Outros servizos	404	291	186	103	154	67	32	50	48	58	58	47	60
Non consta	0	1	0	0	0	0	0	0	0	0	0	10	12
Subtotal de casos detectados por busca activa	1.176	904	715	598	557	442	336	289	257	254	247	241	307
TOTAL	2.030	1.814	1.723	1.600	1.609	1.360	1.303	1.255	1.055	1.053	944	870	907

Táboa 2: Porcentaxe de casos de TB segundo a fonte de detección e ano. Galicia 1996-2008


Fonte de detección	1996	1997	1998	1999	2000	2001	2002	2003	2004	2005	2006	2007	2008
Subtotal de casos detectados por declaración ampliada (DA)	42,1%	50,2%	58,5%	62,6%	65,4%	67,5%	74,2%	77,0%	75,6%	75,9%	73,8%	72,3%	66,2%
Servizo de Farmacia	2,8%	1,7%	1,5%	1,3%	1,0%	1,4%	1,9%	0,9%	0,6%	0,4%	0,4%	0,5%	0,6%
Servizo de Anatomía Patolóxica	2,5%	2,4%	2,2%	1,7%	1,6%	1,6%	1,1%	1,0%	1,1%	0,5%	0,7%	0,8%	1,4%
Servizo de Microbioloxía	16,5%	15,5%	13,3%	15,1%	13,4%	14,3%	11,4%	10,4%	10,6%	8,8%	11,7%	14,8%	18,1%
Rexistro Galego da Sida	0,0%	0,0%	0,0%	0,0%	0,0%	0,0%	0,0%	0,0%	0,0%	0,0%	0,0%	0,2%	0,0%
Rexistro de altas	9,6%	8,3%	7,5%	6,5%	4,4%	3,4%	3,2%	1,4%	2,2%	3,3%	2,4%	1,6%	1,1%
Contactos con enfermo	6,6%	5,8%	6,2%	6,1%	4,6%	6,8%	5,7%	5,3%	5,2%	5,3%	4,7%	3,2%	4,7%
Unidade Asistencial de Drogodependencias	0,0%	0,0%	0,0%	0,3%	0,2%	0,0%	0,0%	0,1%	0,1%	0,3%	0,1%	0,0%	0,0%
Outros servizos	19,9%	16,0%	10,8%	6,4%	9,6%	4,9%	2,5%	4,0%	4,5%	5,5%	6,1%	5,4%	6,6%
Non consta	0,0%	0,1%	0,0%	0,0%	0,0%	0,0%	0,0%	0,0%	0,0%	0,0%	0,0%	1,1%	1,3%
Subtotal de casos detectados por busca activa	57,9%	49,8%	41,5%	37,4%	34,6%	32,5%	25,8%	23,0%	24,4%	24,1%	26,2%	27,7%	33,8%

EVOLUCIÓN DO NÚMERO DE CASOS (1996-2008)

A evolución global dos casos de TB (pulmonares e extrapulmonares) presenta un descenso desde 1996 a 2008 do 55 %, cun cambio relativo anual do -6,5%. Este último dato podemos desagregalo en dúas etapas: de 1996 - 2000 o cambio relativo anual foi do -5,6, mentres que en 2001- 2008 foi de -6,9.

Nin a epidemia pola sida (a partir do ano 1997 introducíronse tratamentos antirretrovirais efectivos na infección polo VIH) nin a inmigración teñen una incidencia relevante nestes resultados.

Gráfica 2: Evolución do núm. de casos de TB. Galicia 1996-2008



EVOLUCIÓN POR UTB

Información por UTB na táboa e na gráfica 3.


Táboa 3: Evolución do número de casos de TB por UTB e ano. Galicia 1996-2008

	1996	1997	1998	1999	2000	2001	2002	2003	2004	2005	2006	2007	2008
A Coruña	449	390	394	330	312	281	305	273	223	287	252	237	257
Santiago	323	314	248	236	269	250	226	178	146	132	123	125	104
Ferrol	151	132	166	146	114	109	104	90	84	74	54	44	55
Lugo	193	224	219	186	195	152	142	176	127	93	106	79	69
Ourense	178	167	180	193	219	171	150	141	109	146	112	99	95
Pontevedra	233	197	167	179	168	156	147	145	127	113	96	106	114
Vigo	499	390	349	330	332	241	229	252	239	208	201	180	213
GALICIA	2.026*	1.814	1.723	1.600	1.609	1.360	1.303	1.255	1.055	1.053	944	870	907

*1996: o nº de casos real é 2.030, xa que en 4 casos non consta a asignación a UTB .

A diminución entre os anos 1996-2008 por termo medio anual por UTB é variable, sendo de maior a menor a seguinte: Santiago -9 ; Lugo -8,4; Ferrol -8,1; Vigo -6,8; Pontevedra -5,8; Ourense -5, e A Coruña -4,5.

Gráfica 3: Evolución do núm. de casos de TB por UTB e ano. Galicia 1996-2008



INCIDENCIA DA TUBERCULOSE

Entendemos por incidencia os casos novos de TB (iniciais e recidivas) que iniciaron tratamento no período de estudo.

As incidencias, sempre referidas a 100.000 habitantes, dos anos 1996 a 2002 calculáronse utilizando como denominador as poboacións intercensuais calculadas polo Servizo de Información sobre Saúde Pública, da Dirección Xeral de Saúde Pública, mentres que para as incidencias dende o ano 2002 se utilizou a revisión do Padrón municipal de habitantes en 1 de xaneiro dos anos correspondentes.


Neste período de 13 anos, entendendo como a diferenza entre o 1º ano ao último ano do período, o número de casos novos de TB diminuíu en 1.123 casos, co que a incidencia da TB en Galicia, pasou de ser de 72,3 casos por 100.000 habitantes en 1996 a 32,6 no ano 2008, evolución que se pode ver na táboa 4.

Táboa 4 : Número de casos novos (iniciais+recidivas) e incidencia de enfermidade tuberculosa, por 100.000 habitantes, sexo e ano. Galicia 1996-2008

	Homes		Mulleres		Total	
	Núm. casos novos	Incidencia	Núm. casos novos	Incidencia	Núm. casos novos	Incidencia
1996	1.218	92,24	766	53,85	2.030	72,33
1997	1.061	80,35	708	49,77	1.814	64,50
1998	1.031	78,67	652	46,10	1.723	61,76
1999	940	71,72	639	45,18	1.723	57,94
2000	968	73,86	617	43,62	1.609	58,16
2001	818	62,31	533	37,54	1.360	49,44
2002	772	58,75	520	36,65	1.303	47,28
2003	716	54,06	531	37,22	1.255	45,33
2004	656	49,34	390	27,26	1.055	37,90
2005	641	48,06	401	27,97	1.053	37,65
2006	579	43,32	359	25,02	944	33,85
2007	536	40,08	329	22,92	870	31,38
2008	557	41,44	350	24,31	907	32,58

A incidencia de todos os tipos de TB, da TB de localización pulmonar * e dos casos pulmonares bacilíferos, expónse por anos na gráfica 4.

Gráfica 4: Incidencia, por 100.000 habitantes, de enfermidade tuberculosa, TB pulmonar e TB bacilífera. Galicia 1996-2008



* A partir do ano 2007, para obter a taxa de incidencia da TB pulmonar aplicamos os actuais criterios definidos no ámbito europeo e nacional⁴: neste novo marco defínese como caso de TB pulmonar aquel que agrupa as TB transmisibles por vía respiratoria (entendendo como tal aquela que afecta o parénquima pulmonar, árbore traqueobronquial así como a TB larínxea, pola súa importancia epidemiolóxica).

Se aplicásemos o criterio establecido antes de 2007 os datos de incidencia de TB pulmonar nos anos 2007 e 2008 corresponderían a unha taxa de 20,0 en ambos casos.

4 European Center for Disease Prevention and Control (ECDC): Tuberculosis surveillance in Europe 2007. Stockholm, 2009

Ministerio de Sanidad y Consumo: Plan Nacional para la prevención y control de la tuberculosis en España. 2007

Ministerio de Sanidad y Consumo: Instituto Carlos III. Ampliación da definición de caso de tuberculose na Rede Nacional de Vixilancia Epidemiolóxica (aprobada polo Consello Interterritorial o 26 de marzo de 2003)


TIPO DE TUBERCULOSE: CASOS SEGUNDO OS ANTECEDENTES DE TRATAMIENTO PREVIO

- Caso novo (caso inicial): paciente que nunca recibiu tratamento ou ben que o recibiu por un tempo menor a un mes.
- Caso tratado previamente: paciente que recibiu tratamento antituberculoso polo menos durante un mes (exclúense os tratamentos preventivos: quimio-profilaxe primaria (QP)/tratamento da infección tuberculosa (TIT)). Neste grupo inclúense:
 - Recidiva: paciente previamente tratado de TB, con situación final de curación bacteriolóxica ou tratamento completado.
 - Abandono recuperado: paciente que tras ter interrompido o tratamento durante dous ou máis meses é recuperado para tratamento.
 - Fracaso: despois de cinco meses segue presentando ou volve presentar un cultivo positivo.
 - Crónico: paciente que segue presentando ou volve presentar cultivos positivos tras realizar un réxime de retratamento supervisado.

Ningún caso previamente tratado será declarado de novo se non pasaron, polo menos, 12 meses dende a última vez que recibiu tratamento antituberculoso.

Como en anos anteriores, no ano 2008, os casos iniciais representan a maior porcentaxe de todas as tuberculoses (92%), seguido das recidivas (7,3%). Na gráfica 5 pódese ver esta distribución e nas táboas 5 e 6 preséntase a distribución por anos e por idade dos casos.

Gráfica 5: Núm. de casos tipos de TB segundo os antecedentes de tratamento previo. Galicia 2007-2008



Táboa 5: Número de casos e porcentaxe segundo o tipo de TB e ano. Galicia 1996-2008

	Iniciais		Recidivas		Abandonos recuperados		Crónicos/fracasos		NC		Total de casos
	Núm.	%	Núm.	%	Núm.	%	Núm.	%	Núm.	%	Núm.
1996	1.820	89,7%	164	8,1%	29	1,4%	5	0,2%	12	0,6%	2.030
1997	1.611	88,8%	158	8,7%	28	1,5%	11	0,6%	6	0,3%	1.814
1998	1.533	89,0%	150	8,7%	36	2,1%	2	0,1%	2	0,1%	1.723
1999	1.449	90,6%	130	8,1%	18	1,1%	2	0,1%	1	0,1%	1.600
2000	1.461	90,8%	124	7,7%	19	1,2%	3	0,2%	2	0,1%	1.609
2001	1.248	91,8%	103	7,6%	5	0,4%	2	0,1%	2	0,1%	1.360
2002	1.195	91,7%	97	7,4%	11	0,8%	0	0,0%	0	0,0%	1.303
2003	1.149	91,6%	98	7,8%	8	0,6%	0	0,0%	0	0,0%	1.255
2004	972	92,1%	74	7,0%	7	0,7%	2	0,2%	0	0,0%	1.055
2005	957	90,9%	85	8,1%	10	0,9%	1	0,1%	0	0,0%	1.053
2006	869	92,1%	69	7,3%	5	0,5%	1	0,1%	0	0,0%	944
2007	812	93,3%	53	6,1%	3	0,3%	1	0,1%	1	0,1%	870
2008	834	92,0%	66	7,3%	6	0,7%	1	0,1%	0	0,0%	907

Táboa 6: Número de casos de TB segundo o tipo e por grupo de idade. Galicia 2007 e 2008

Idade \ Tipo	Iniciais		Recidivas		Abandonos recuperados		Crónicos/ Fracasos		Total	
	2007	2008	2007	2008	2007	2008	2007	2008	2007	2008
0-4	29	54	0	0	0	0	0	0	29	54*
5-14	11	25	0	0	0	1	0	0	11	26*
15-24	108	104	5	2	0	1	0	0	113	107
25-34	169	157	4	8	1	1	0	0	174	166
35-44	135	152	18	18	1	1	0	0	154	171
45-54	98	81	6	14	1	1	0	0	105	96
55-64	83	89	5	5	0	1	0	1	88	96
65-74	60	75	8	9	0	0	0	0	68	84
≥ 75	119	97	7	10	0	0	1	0	128*	107
TOTAL	812	834	53	66	3	6	1	1	870	907


(*) un caso ≥ 75 non clasificado

*2008: abrocho escolar de tuberculose

IDADE E SEXO


Grupo de idade: como xa vén sendo habitual, aproximadamente a metade dos casos preséntanse no grupo de idade de 15 a 44 anos (gráfica 6).

Gráfica 6: Porcentaxe de casos de TB por grupo de idade. Galicia 2007-2008



Sexo: as porcentaxes de casos de TB por sexos mantéñense ao longo dos anos, producíndose un maior número de casos nos homes (gráfica 7).

Gráfica 7: Porcentaxe de casos de TB por sexo. Galicia 2007-2008



EVOLUCIÓN DA INCIDENCIA POR IDADE E SEXO


Grupos de idade

No ano 2008 diagnosticáronse 80 casos de TB en menores de 15 anos -TB pediátrica- (constituíndo o 8,8% do total de casos diagnosticados- gráfica 6-), sendo o 67,5% deles menores de 5 anos. Foron 40 casos máis que en 2007 (4,6%). Esta diferenza responde ao resultado dun abrocho escolar en 2008. Sen este abrocho a diferenza estaría en 7 casos co que no ano 2008 suporían un 5,1% das TB pediátricas.

Excluindo o abrocho escolar de 2008, pódese destacar a importante diminución da incidencia en nenos de 0 a 4 anos (gráfica 8) nos anos anteriores. Este é un signo indirecto da mellora nas medidas de prevención e control, xa que os nenos cunha enfermidade tuberculosa sempre indican a presenza próxima dunha persoa adulta a través da cal se produciu o contaxio.


Na gráfica obsérvase tamén que a taxa de incidencia en menores de 5 anos é sempre maior que entre os 5-14 anos. (Os menores de cinco anos, sen diferenzas entre nenos e nenas, teñen un risco maior de desenvolver a enfermidade inmediatamente despois da infección tuberculosa).

Gráfica 8: Evolución da incidencia de TB por grupo de idade (por 100.000 habitantes). Galicia 1996, 2006, 2007 e 2008



Por grupo de idade e sexo vemos que, no ano 2008, só no grupo 5-14 anos a incidencia é similar por sexos e no resto dos grupos é claramente maior en homes (gráfica 9).

Gráfica 9: incidencia de TB por sexo e grupo de idade. Ano 2008



FACTORES DE RISCO

Dos casos que iniciaron tratamento nos anos 2007 e 2008 presentaron polo menos algún factor de risco un 45,4% e un 49,6% dos casos respectivamente.

Na táboa 7 obsérvanse de forma desagregada a porcentaxe de factores de risco asociados por caso.

Táboa 7: Porcentaxe de casos segundo o número de factores de risco asociados. 2007-2008

	Ningún FR	1 FR	2 FR	> 2 FR
2007	54,6	32,1	7,5	5,9
2008	50,4	34,6	9,3	5,7

Na táboa 8 descríbense os factores asociados máis frecuentes:

Táboa 8: Número de casos e porcentaxe segundo os factores de risco asociados máis frecuentes. 2007-2008

Factor de risco	2007		2008	
	Núm. casos	%	Núm. casos	%
Contacto recente de TB bacilífera	87	10,0	132	14,6
Alcoholismo	68	7,8	57	6,3
Tabaquismo	48	5,5	56	6,2
VIH +	47	5,4	46	5,1
Enfermidades crónicas debilitantes	45	5,2	52	5,7
Inmigrante	32	3,7	33	3,6
Usuarios de drogas	35	4,0	23	2,5
Distocia social	29	3,3	35	3,9
Tratamentos inmunosupresores	21	2,4	36	4,0
Diabetes mellitus	26	3,0	31	3,4

TUBERCULOSE EN COLECTIVOS DE ESPECIAL VULNERABILIDADE

Entre as persoas de especial vulnerabilidade de enfermarse de TB unha vez infectadas, cómpre considerar as persoas VIH (+) e os usuarios de drogas.

TUBERCULOSE E INFECCIÓN VIH

O VIH/sida e a TB interactúan de forma que cada unha destas enfermidades acelera a progresión da outra. O VIH favorece a progresión de infección tuberculosa primaria a enfermidade activa, e é o factor de risco máis poderoso que se coñece para a reactivación da infección en enfermidade tuberculosa (cálculase un risco de progresión de infección a enfermidade dun 5-10% por ano e dun 50% ao longo de toda a vida da persoa e estímase que un terzo das persoas infectadas polo VIH acabará desenvolvendo TB).

En Galicia a porcentaxe de enfermos de TB infectados polo VIH sempre estivo por debaixo do 10%, oscilando arredor do 5% desde o ano 1998. Predominan os homes, o 84,8% en 2008.

En ocasións estar infectado polo VIH asóciase a outras circunstancias, tamén de risco para TB, como é o uso de drogas inxectables (UDI), así pois dos 46 casos de enfermos de TB infectados polo VIH que se rexistraron no ano 2008, 11 tiñan tamén como factor asociado ser UDI (rexistráronse un total de 23 casos de TB en usuarios de drogas). Nas táboas 9 e 10 recóllese o número e a porcentaxe de casos de TB que presentaban como factor asociado estar infectado polo VIH e ser UDI, respectivamente, desde o ano 1996 ata o 2008, e a súas tendencias pódense observar na gráfica 10, mentres que na táboa 11 se amosa a distribución dos casos de TB/VIH por grupo de idade.

Táboa 9: Número de enfermos de TB infectados polo VIH, por ano, e porcentaxe sobre o total de casos de TB dese ano. Galicia 1996-2008

	Núm. de casos de TB	TB / VIH	
		Núm. de casos	Porcentaxe
1996	2.030	193	9,5%
1997	1.814	143	7,9%
1998	1.723	93	5,4%
1999	1.600	93	5,8%
2000	1.609	79	4,9%
2001	1.360	83	6,1%
2002	1.303	45	3,5%
2003	1.255	62	4,9%
2004	1.055	62	5,9%
2005	1.053	47	4,5%
2006	944	49	5,2%
2007	870	47	5,4%
2008	907	46	5,1%

Táboa 10: Número de casos de TB en UDI, por ano, e porcentaxe sobre o total de casos de TB dese ano. Galicia 1996-2008

	Núm. de casos de TB	TB / UDI	
		Núm. de casos	Porcentaxe
1996	2.030	166	8,2%
1997	1.814	94	5,2%
1998	1.723	75	4,4%
1999	1.600	75	4,7%
2000	1.609	67	4,2%
2001	1.360	50	3,7%
2002	1.303	29	2,2%
2003	1.255	43	3,4%
2004	1.055	44	4,2%
2005	1.053	37	3,5%
2006	944	34	3,6%
2007	870	35	4,0%
2008	907	23	2,5%


Gráfica 10: Evolución dos casos de TB, TB/VIH e TB/UDI. Galicia 1996-2008



Táboa 11. Número de casos TB/VIH por grupo de idade. Galicia 1996-2008

	1996	1997	1998	1999	2000	2001	2002	2003	2004	2005	2006	2007	2008
0-4	0	2	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0
5-14	0	0	1	1	0	0	0	0	0	0	0	0	0
15-24	11	12	7	1	5	0	2	0	3	1	0	1	1
25-34	126	79	40	52	42	36	18	21	18	9	11	7	6
35-44	50	42	41	28	24	38	21	35	34	25	25	29	26
45-54	4	5	2	9	6	6	3	2	5	11	11	10	9
55-64	1	1	1	2	0	2	1	2	0	1	0	0	3
65-74	1	2	1	0	2	0	0	2	2	0	1	0	1
>74	0	0	0	0	0	1	0	0	0	0	1	0	0
TOTAL	193	143	93	93	79	83	45	62	62	47	49	47	46


Destacar, dende o ano 2001, o cambio do pico máximo de incidencia dos 25-34 anos aos 35-44, sendo practicamente igual nestes últimos anos (gráfica 11), situación acorde coa evolución do número de casos de infectados polo VIH en Galicia, que segue a mesma distribución por anos. A partir de 2005 obsérvase unha tendencia crecente de casos no grupo de idade 45-54 anos acompañado cun descenso no grupo de idade anterior, pero mantendo a tendencia no número total de casos.

Gráfica 11: Evolución do núm. de casos TB/VIH por grupo de idade. Galicia 1996, 2006, 2007 e 2008

Con respecto á localización* da enfermidade dos casos de TB en pacientes VIH (+), a localización só pulmonar é a máis frecuente con respecto ás só extrapulmonares. No ano 2007 os datos obtidos foron o 51,1% e 27,7% respectivamente; e no ano 2008 o 56,5% e 39,1%.

Gráfica 12: Localización dos casos de casos TB/VIH. Galicia 2007 - 2008

Núm. de casos TB/VIH



Dos datos microbiolóxicos dos enfermos de TB pulmonar infectados polo VIH no período 2007-2008, destacamos que o 26,5% e o 34,5 % deles presentaban unha baciloscopia positiva. Foron confirmados mediante cultivo positivo o 79,4% e 72,4% dos casos pulmonares, e o 46,2% e 55,8% das formas exclusivamente extrapulmonares.

*localización TB pulmonar: entendendo como tal aqueles casos transmisibles por vía respiratoria

TUBERCULOSE E INMIGRACIÓN

A inmigración é un feito xa presente na nosa comunidade e representa nos anos 2007 e 2008 o 2,9% e 3,4% respectivamente da poboación galega, segundo os datos obtidos a partir do Instituto Galego de Estatística (IGE).

Nalgúns países industrializados o número de casos de TB detectados nos nados nel é inferior aos casos de enfermidade atopados nos nados fóra; datos similares xa están a aparecer tamén noutras comunidades autónomas como é o caso por exemplo de Cataluña⁵, onde no ano 2007 o 43% dos casos rexistrados de TB corresponden a persoas nadas fóra de España.

Estas circunstancias polo de agora non se están a observar en Galicia, onde os datos obtidos nos anos 2007 e 2008 reflicten que menos de 4 de cada 100 enfermos tuberculosos rexistrados son persoas procedentes doutros países.

As taxas de incidencia detectadas son superiores nos inmigrantes que na poboación autóctona. Os datos correspondentes aos anos 2007 e 2008 foron respectivamente: inmigrantes 39,3 e 34,5 por 100.000 habitantes e en autóctonos 31,1 e 32,5.

Temos que ter en conta que os inmigrantes non adoitan vir enfermos, senón que arrastran a carga de infección tuberculosa latente propia do seu país de orixe (na maioría proceden de países cunha alta prevalencia de TB), e dependendo das condicións en que se desenvolvan no país de acollida determinase un maior ou menor risco de desenvolver a enfermidade. Os inmigrantes que enferman fano xeralmente nos primeiros anos de estadía do país receptor.

De todos os casos de TB en inmigrantes a maior porcentaxe dáse nos procedentes de América do Sur e Central, supoñendo o 43,8% no ano 2007 e o 57,6% no 2008. (tamén supoñen o colectivo inmigrante maioritario en Galicia).

Con todas estas referencias podemos concluír que, ata agora, a TB en Galicia é fundamentalmente de orixe autóctona, non representando o número de enfermos tuberculosos inmigrantes un aumento relevante na taxa de incidencia global galega.

Obsérvase tamén nos datos presentados que, de forma paralela á tendencia ascendente no número de persoas inmigrantes en Galicia, se produciu un incremento no número de inmigrantes enfermos por TB ata o ano 2004 cunha posterior estabilización entre os anos 2005 a 2008 (táboa 12 e gráfica 13).


5 Situación epidemiológica y tendencia de la endemia tuberculosa en Cataluña. Informe anual 2007. Generalitat de Cataluña. Departament de Salut, 2009.

O programa de TB debe ter capacidade para garantir a asistencia individualizada que se precise para conseguir a curación de todos os enfermos de TB diagnosticados na Comunidade e dos seus contactos e trasladar, ao colectivo de poboación inmigrante, os logros conseguidos nos últimos anos na poboación nacida en Galicia.

Táboa 12: Número de casos de TB en persoas inmigrantes, por ano, e porcentaxe sobre o total de casos de TB dese ano. Galicia 1996-2008

	Núm. de casos de TB	Núm. de casos de TB en inmigrantes	% sobre o total de casos de TB
1996	2.030	2	0,10%
1997	1.814	4	0,22%
1998	1.723	5	0,29%
1999	1.600	12	0,75%
2000	1.609	16	0,99%
2001	1.360	19	1,40%
2002	1.303	18	1,38%
2003	1.255	30	2,39%
2004	1.055	48	4,55%
2005	1.053	34	3,23%
2006	944	33	3,50%
2007	870	32	3,68%
2008	907	33	3,64%

Gráfica 13: Núm. total de casos de TB en Galicia e en inmigrantes. Galicia 1996-2008



Nas táboas 13 e 14 preséntase a distribución do número de casos de TB en inmigrantes, dos anos 2007 e 2008, por UTB e por área xeográfica de procedencia. (43,8% e 57,6% de orixe de América do sur e central).


Táboa 13: Distribución do número de casos de TB en inmigrantes por UTB. Galicia 2007 e 2008

	2007	2008
A Coruña	10	9
Santiago	1	3
Ferrol	0	0
Lugo	5	4
Ourense	5	4
Pontevedra	5	3
Vigo	6	10
GALICIA	32	33

Táboa 14: Distribución dos casos de TB en inmigrantes por área xeográfica de procedencia. Galicia 2007-2008

África			América do Sur			Europa			América central			Asia		
	2007	2008		2007	2008		2007	2008		2007	2008		2007	2008
País			País			País			País			País		
Senegal	1	4	Brasil	5	3	Portugal	3	1	R. Dominicana		1	India		1
Marrocos	4	1	Colombia		1	Romanía	4	1	México		1			
Etiopía	1		Ecuador	2		Bulgaria	1							
Guinea	1		Perú	2	7									
Camerún	1	2	Venezuela		2									
Mozambique		1	Arxentina		1									
Alxeria		1	Paraguai	1										
			Bolivia	3	1									
			Uruguai	1										
Non consta	2	1	Non consta		2									
TOTAL	10	11		14	17		8	2		0	2		0	1

Gráfica 14: Porcentaxe dos casos de TB en inmigrantes por área xeográfica de procedencia. Galicia 2007-2008



CARACTERÍSTICAS DOS CASOS DE TUBERCULOSE


Esta enfermidade pode localizarse en practicamente calquera órgano do corpo humano, sendo os casos pulmonares os de maior repercusión epidemiolóxica, sobre todo os que presentan bacterioloxía de esputo positiva, pola súa capacidade contaxiante.

A continuación descríbense as localizacións que presentan e os patróns radiolóxicos e microbiolóxicos das localizacións pulmonares.

LOCALIZACIÓN ANATÓMICA

A localización anatómica maioritaria nestes anos é a pulmonar, seguida da pleural e en ganglios periféricos, o resto das localizacións son moito menos frecuentes. Esta distribución dos casos, segundo a súa localización, preséntase na gráfica 15, na cal hai que ter en conta que un mesmo paciente pode ter TB en máis dunha localización anatómica.

Gráfica 15: Distribución dos casos de TB segundo a súa localización anatómica. Galicia 2005-2008



*2008 localización primaria: abrocho escolar

TIPO DE LOCALIZACIÓN: CLASIFICACIÓN

Segundo a localización da enfermidade, proposta polo European Center for Disease Prevention and Control (ECDC) Tuberculosis surveillance in Europe 2007 e no Plan Nacional de Prevención e Control da Tuberculose 2007, os casos de TB clasifícanse en:

- **Tuberculose pulmonar:** afecta o parénquima pulmonar, árbore traqueobronquial, e a larinxe, (equiparando por razóns epidemiolóxicas a TB pulmonar é a TB transmisíble por vía respiratoria).
- **Tuberculose extrapulmonar:** a que afecta calquera outra localización, incluída a pleural e linfática intratorácica, sempre que non se produza afectación do parénquima pulmonar.


En caso de afectación múltiple, a localización pulmonar considérase sempre a fundamental e as outras como adicionais.

Na táboa 15 e na gráfica 16 obsérvase a distribución dos casos de TB nos anos 2007-2008

Táboa 15: Número e porcentaxe dos casos de TB segundo a súa localización. Galicia 1996-2008

	1996	1997	1998	1999	2000	2001	2002	2003	2004	2005	2006	2007	2008
Pulmonar	1.206	1.085	1.021	952	966	795	738	750	614	587	519	500	554
	59,4%	59,8%	59,3%	59,5%	60,0%	58,5%	56,6%	59,8%	58,2%	55,7%	55,0%	57,5%	61,1%
Pulmonar máis extrapulmonar	153	135	156	118	108	114	119	101	81	91	78	71	62
	7,5%	7,4%	9,1%	7,4%	6,7%	8,4%	9,1%	8,0%	7,7%	8,6%	8,3%	8,2%	6,8%
Extrapulmonar	671	594	546	530	535	451	446	404	360	375	347	299	291
	33,1%	32,7%	31,7%	33,1%	33,3%	33,2%	34,2%	32,2%	34,1%	35,6%	36,8%	34,4%	32,1%

Gráfica 16: Clasificación casos de TB segundo a súa localización. Galicia 2007-2008



A **meninxite tuberculosa**, a máis grave dentro das formas extrapulmonares, pode presentarse a calquera idade pero ten maior incidencia nos nenos, sobre todo nos primeiros anos de vida, sendo rara antes dos seis meses de idade. Ademais, é un bo indicador da endemia de TB nun país e o número de casos en menores de cinco anos reflicte a eficacia dos programas de prevención e control da TB. Na táboa 16 móstranse os casos deste tipo de meninxite por grupo de idade e no período 1996-2008.

Táboa 16: Casos de meninxite tuberculosa (código 013.0 da CIE-9ª-MC / A17.0 da CIE-10ª). Galicia 1996-2008

